



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DO 2015.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D^a Fabiola García Martínez</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a Aroa Fernández Cadórniga D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey D^a María Herminia Pouso Maneiro</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario en funcións</p> <p>D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as trece horas do día doce de novembro do dous mil quince, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningunha para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 10/11/2015, do que resulta un total líquido acumulado de 250.413,75 €, e que será asinado polo secretario en funcións para constancia do seu contido.



B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	09/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 20 taboleiros de madeira autoclave para restauración de bancos retirados da Praza de Teruel		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	COMERCIAL MALLO AREA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	COMERCIAL MALLO AREA, S.L.		
NIF/CIF:	B15243918		
Importe (IVE incluído):	506,52 €		
Observacións			

Nº Proposta	2	Data	09/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 20 botes Xanol Lasur 2,5 l e 1 Isal-Lac satinado 4 l para restauración de bancos retirados da Praza de Teruel		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PINTURAS ISAVAL, S.L.		
NIF/CIF:	B46069654		
Importe (IVE incluído):	503,26 €		
Observacións			

Nº Proposta	3	Data	09/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 300 parafuxos e 10 mt pletina galvanizada para restauración de bancos retirados da Praza de Teruel		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FRANCISCO BRIÓN GAGO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO BRIÓN GAGO		
NIF/CIF:	33231234Y		
Importe (IVE incluído):	74,42 €		
Observacións			



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	4	Data	05/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparación circuito ACS, reposición 10 tubos fluorescentes e recarga de refrixerante da bomba de calor do edificio da Policía Local		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.		
NIF/CIF:	B15970692		
Importe (IVE incluído):	740,11 €		
Observacións			

Nº Proposta	5	Data	10/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 2 arquetas de formigón, 40 m2 baldosa beirarrúa e aluguer de compactador para reparación beirarrúas en estrada a Deán		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (IVE incluído):	538,04 €		
Observacións			

Nº Proposta	6	Data	10/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 2 m3 H-200 árido 25 mm, 9 Tm area e 14 Tm zahorra para reparación beirarrúas en estrada a Deán		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.		
NIF/CIF:	B15025786		
Importe (IVE incluído):	444,07 €		
Observacións			

Nº Proposta	7	Data	09/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Substitución de 3 fiestras en colexio Caramechoiro, arranxo porta CEIP O Grupo e arranxo 16 fiestras CEIP de Frións		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO JOSÉ DOMÍNGUEZ VICENTE
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (09/11/2015)		



PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	ANTONIO JOSÉ DOMÍNGUEZ VICENTE
NIF/CIF:	76777719Q
Importe (IVE incluído):	1.207,21 €
Observacións	

Nº Proposta	8	Data	28/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Substitución de porta e selado resto da galería na fachada de acceso á UAD		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DIGAR DE ARTES, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (28/10/2015)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DIGAR DE ARTES, S.L.		
NIF/CIF:	B15515695		
Importe (IVE incluído):	1.256,10 €		
Observacións			

Nº Proposta	9	Data	10/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparacións e selado da cuberta do edificio da UAD		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (10/11/2015)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CONSTRUCCIONES JENARO CADAVAL, S.L.		
NIF/CIF:	B15879794		
Importe (IVE incluído):	4.250,29 €		
Observacións			

Nº Proposta	10	Data	10/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparación, medida de aillamentos, modificación da instalación e cadro xeral, para aumento da potencia ata 30 Kw na UAD		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (10/11/2015)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.		
NIF/CIF:	B15970692		
Importe (IVE incluído):	2.966,36 €		
Observacións			

Nº Proposta	11	Data	09/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración e instalación antena en torreta existente na Casa		



		Consistorial, incluíndo cableado ata dependencias de Protección Civil	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.		
NIF/CIF:	B15970692		
Importe (IVE incluído):	371,72 €		
Observacións			

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIO-FAMILIAR

Visto o escrito presentado, de data 06/11/2015 (Registro de entrada nº 11.366), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, M^a del Pilar García Sampedro, de data 09/11/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **105,85 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao pago dun recibo de subministro eléctrico.

MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.

1.- Modificación de Crédito. Xeración de Crédito 21/15:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 09/11/2015 na que propón a aprobación da **Xeración de Crédito 21/15**, co motivo da resolución de data 07/05/2015, da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se concede unha subvención ao Concello de Riveira, sendo o obxecto da mencionada subvención a “Contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro”, e de acordo co seguinte detalle:

XC 21/15

Partida de gasto		
Clasificación por programas	Clasificación económica	Aumento
929	130.02	8.000,00 €
Total		8.000,00 €
Concepto de ingreso		Aumento
450.83		8.000,00 €



Total		8.000,00 €
-------	--	------------

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor Acctal., Jorge González Mariño de data 09/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a **Xeración de Crédito 21/15**, proposta pola Alcaldía.

2.- Modificación de Crédito. Transferencia de Crédito 10/2015:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 09/11/2015 na que propón a aprobación da **Transferencia de Crédito 10/2015**, co motivo da necesidade de financiamento para o abono do 26,23% da parte da paga extraordinaria do ano 2012, según o RD Lei 10/2015, de 11 de setembro, e de acordo co seguinte detalle:

TC 10/2015

Partidas que ceden crédito	Importe	Partidas que incrementan crédito	Importe
172 131.00	14.000,00 €	929 130.02	14.000,00 €
933 212.00	21.000,00 €	929 130.02	21.000,00 €

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor Acctal., Jorge González Mariño de data 09/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a **Transferencia de Crédito 10/2015**, proposta pola Alcaldía.

3.- Modificación de Crédito. Transferencia de Crédito 11/2015:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 09/11/2015 na que propón a aprobación da **Transferencia de Crédito 11/2015**, co motivo da necesidade de financiamento para o abono das asignacións a grupos políticos municipais previstas para os meses de novembro e decembro, e de acordo co seguinte detalle:

TC 11/2015

Partidas que ceden crédito	Importe	Partidas que incrementan crédito	Importe
912 160.00	8.000,00 €	912 480.00	8.000,00 €

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor Acctal., Jorge González Mariño de data 09/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a **Transferencia de Crédito 11/2015**, proposta pola Alcaldía.



APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN AMBAR.

Vista a proposta da **Alcaldía**, de data 11/11/2015, no que solicita a aprobación do modelo de “**Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación AMBAR**”, co obxectivo de dar cobertura á solicitude de apoio económico para a celebración da Romaría da Diversidade.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “Convenio de Colaboración entre a Asociación Ambar e o Concello de Riveira”.

APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS, COMERCIANTES E TRABALLADORES AUTÓNOMOS DE RIVEIRA.

Vista a proposta da **Alcaldía**, de data 11/11/2015, no que solicita a aprobación do modelo de “**Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos de Riveira**”, co obxectivo de dar cobertura á solicitude de apoio económico para a organización do I Evento Peixe de Riveira.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do “Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación de empresarios, comerciantes e traballadores autónomos de Riveira”.

APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE ACHEGAS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Deportes, Aroa Fernández Cadorniga, de data 11/11/2015, para o inicio de expediente subvencionador da convocatoria de achegas para apoiar as actividades de carácter deportivo desenvoltas durante o exercicio 2015 polos clubs deportivos do Concello de Riveira, así como a aprobación das bases que se achegan.

Vista a consignación orzamentaria que sustenta esta convocatoria de achegas, que ascende no 2015 á seguinte contía:



Aplicación orzamentaria	Crédito
Partida.- 341.480.25	73.748,00€

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a convocatoria de achegas para a promoción de actividades deportivas correspondente ao exercicio 2015, así como as bases que se acompañan, según a proposta da Concelleira Delegada de Deportes, Aroa Fernández Cadorniga.

III.- CONTRATACIÓN.

CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E OUTRAS SANCIONS DO CONCELLO DE RIVEIRA”.

Visto o expediente que se tramita para contratar a “Prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Riveira”.

O Prego de prescricións técnicas particulares e o Prego de cláusulas administrativas particulares para rexe-la contratación foron aprobados por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 16/04/2015.

O expediente de contratación (por procedemento aberto con varios de criterios de adxudicación e con tramitación ordinaria) foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa mesma sesión da data 16/04/2015.

A licitación anunciouse no Diario Oficial da Unión Europea da data 29/04/2015 (referencia 2015/S 083-147746), no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 80, da data 30/04/2015), no Boletín Oficial do Estado número 107, da data 05/05/2015), e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 24/04/2015.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, D. Manuel Pino Rengel, na data 26/08/2015 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

- 1.- “Catoure, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 01/06/2015, co número 5572.
- 2.- “Recyges, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/06/2015, co número 5728.



3.- “Servicios de Colaboración Integral, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/06/2015, co número 5840, presentado a través da oficina de correos na data 03/06/2015.

Una vez realizada a apertura dos sobres “A” (de documentación administrativa) das ofertas presentadas, e despois de analizada a documentación aportada por cada unha delas, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 08/09/2015, acordou declarar admitidas a esta licitación ás empresas “Catoure, S.L.” e “Recyges, S.L.” e requirir a “Servicios de Colaboración Integral, S.L.” para que emendasen os defectos ou omisións observados na documentación presentada (do xeito que se indica na correspondente acta levantada ó efecto), baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido (2 días hábiles) non procedesen á emenda da documentación.

O requirimento realizouse por medio de escrito rexistrado de saída na data 09/09/2015 co número 5721, que se notificou á empresa na mesma data 09/09/2015.

Na data 10/09/2015 tivo entrada no rexistro xeral do Concello co número 9402 a documentación requirida.

Unha vez rematado o prazo de emenda e á vista da documentación aportada pola empresa requirida, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 18/09/2015, acordou dar por cumprido o requirimento de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitida a esta licitación á empresa “Servicios de Colaboración Integral, S.L.”, por considerar correcta a nova documentación presentada.

Acto seguido, e xa en acto público, na mesma reunión celebrada na data 18/09/2015, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobres “B” (oferta técnica–criterios dependentes de xuízos de valor) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, acordando, logo dunha sucinta lectura da documentación presentada, dar traslado da mesma ós servizos técnicos municipais para que emitisen o informe técnico debidamente motivado respecto dos criterios de adjudicación avaliados mediante xuízos de valor que figuran no apartado 2 da cláusula sétima do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Con data 14/10/2015 o tesoureiro municipal emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 18/09/2015, co detalle que no mesmo se recolle respecto de cada oferta e coa proposta de puntuacións correspondentes a cada licitador.

Á vista do citado informe do tesoureiro municipal e da documentación presentada polos licitadores nos seus respectivos sobres “B”, a Mesa de Contratación, en reunión da data 27/10/2015, acordou outorgar-las puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres “B” (oferta técnica–criterios dependentes de xuízos de valor):

Criterio de valoración	Catoure, S.L.	S.C.I., S.L.	Recyges, S.L.
------------------------	---------------	--------------	---------------



Proxecto da xestión recadadora	6	8	10
Redución prazo na posta en marcha do servizo	3	6,5	13
Medios materiais e persoais	6	3	10
Melloras non previstas expresamente no prego	3	7	10
TOTAL	18	24,5	43

Seguidamente, xa en acto público, a Mesa de Contratación dou conta do resultado anteriormente indicado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" (de criterios avaliados automaticamente) de cada un dos licitadores que resultaron admitidos, dando o resultado que se detalla a continuación e á vista do que acordou outorga-las puntuacións que tamén se indican, unha vez efectuadas as valoracións aplicando os criterios e fórmulas que figuran no apartado 1 da cláusula sétima do Prego de cláusulas administrativas particulares:

Criterio de valoración	Catoure, S.L.		S.C.I., S.L.		Recyges, S.L.	
	Oferta	Puntos	Oferta	Puntos	Oferta	Puntos
Colaboración en vía de constrinximento con excepción das multas de tráfico: porcentaxe sobre o principal de cada recibo ou liquidación cobrado	21%	20	21%	20	21%	20
Colaboración en vía de constrinximento con excepción das multas de tráfico: porcentaxe sobre os xuros de demora	15%	5	15%	5	15%	5
Colaboración na xestión administrativa das multas e sancións en período voluntario	31%	20	31%	20	31%	20
Colaboración na xestión administrativa das multas e sancións en período executivo	33%	6	33%	6	33%	6
PUNTUACIÓN TOTAL	51		51		51	

Vistos os antecedentes expostos, así como a cláusula décima do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta realizada pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/10/2015.

Vista a Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións*



Públicas e do Procedemento Administrativo Común), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación da “Prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Riveira”**, do seguinte xeito:

Orden	Licitador	Puntuación		
		Sobres B	Sobres C	TOTAL
1º	Recyges, S.L.	43,00	51,00	94,00
2º	Servicios de Colaboración Integral, S.L.	24,50	51,00	75,50
3º	Catoure, S.L.	18,00	51,00	69,00

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **REQUIRIR A “RECYGES, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación xustificativa** de ter constituída a garantía definitiva e os documentos esixidos no artigo 146.1 do TRLCSP e demais que se fixeron constar na declaración responsable incluída no sobre A, así como a xustificación de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a xustificación deste, e de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir ó contrato conforme ó artigo 64.2 do TRLCSP.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.



Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 9 de novembro de 2015 **“Decreto: Polo que se declara deserta a licitación convocada para a contratación da “Subministración na modalidade de alugamento, e instalación de arcos, adornos luminosos e outros elementos ornamentais para as Festas do nadal, e para festas populares do concello””**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

- Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Rebeca M^a. Cameán García e Juan Brión Maneiro**, de datas 23/07/2015 e 06/10/2015 (Rexistros de entrada nº 7.758 e 10.311), nos que solicita licenza de obra para rehabilitación de vivenda unifamiliar, sita na Rúa do Arribo nº 3, Ameixida, Polígono nº 19, Parcela 355, Castiñeiras, Riveira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A019003550000KF.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 06/11/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 10/11/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Rebeca M^a. Cameán García e Juan Brión Maneiro **LICENZA DE OBRAS (Nº 85/15)** para **REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Rúa do Arribo nº 3, Ameixida, Polígono nº 19, Parcela 355, Castiñeiras, Riveira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A019003550000KF, nos termos do Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 15.7.2015:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*

Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.



Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*



- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*



- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 11/11/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS					
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	3.172,00 €				
Licenzas urbanísticas	43,13 €	TOTAL Ingresar/Devolver..... 0,00 €			
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA					
Cota complementaria	3.215,13 €	Cota Autoliquidada	3.215,13 €	Diferenza	0,00 €

2.- Vistos os escritos presentados por **M^a José Fernández Torres e Alejandro Rey Lojo**, de datas 08/09/2015 e 30/10/2015 (Rexistros de entrada nº 9.254 e 11.180), nos que solicita licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa no lugar de Deán Grande s/n, Riveira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A006008980000KW.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 06/11/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 10/11/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a M^a José Fernández Torres e Alejandro Rey Lojo **LICENZA DE OBRAS (Nº 86/15)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Deán Grande s/n, Riveira, en parcela con ref^a catastral nº 15074A006008980000KW, nos termos do Proxecto Básico de setembro de 2015 redactado polo arquitecto Francisco J. Calvo Pérez:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial correspondente.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo do vial, **refléxase unha superficie de cesión en total de 79,44 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.*



- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*



- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.



Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 11/11/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS					
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	2.028,00 €				
Licenzas urbanísticas	43,13 €			TOTAL Ingresar/Devolver.....	0,00 €
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA					
Cota complementaria	2.071,13 €	Cota Autoliquidada	2.071,13 €	Diferenza	0,00 €

3.- Vistos os escritos presentados por **Carlos Vidal Vázquez**, de datas 18/09/2015 e 20/10/2015 (Rexistros de entrada nº 9.756 e 10.786), nos que solicita licenza de obra para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, sita na Rúa Murillo nº 3, Riveira en parcela con refª catastral nº 1013312NH0111S0001LE.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 06/11/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 09/11/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Carlos Vidal Vázquez **LICENZA DE OBRAS (Nº 87/15)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Rúa Murillo nº 3, Riveira, en parcela con refª catastral nº 1013312NH0111S0001LE, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 4.9.15 redactado por Segio Lucio Paniccia, así como do Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de data 4.9.15 e Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.



Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*



- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 11/11/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS					
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	1.995,48 €				
Licenzas urbanísticas	43,13 €	TOTAL Ingresar/Devolver..... 0,00 €			
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA					
Cota complementaria	2.038,13 €	Cota Autoliquidada	2.038,13 €	Diferenza	0,00 €

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Ponciano Prego Piñeiro**, de data 22/09/2015 (Rexistrado de entrada co nº 10.906), no que solicita información urbanística de parcela sita en polígono 51, parcela 102, Cachopal, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 10/11/2015, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

CATEGORÍA DO SOLO: RÚSTICO PROTECCIÓN ORDINARIA
REFª CATASTRAL: 15074 A 051001020000KP

LEGISLACIÓN APLICADA

- -Ley 9/2002 de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia modificada (LOUGA).
- Plan General de Ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02

Le corresponde el régimen de aplicación siguiente:

1. Actividades y usos no constructivos:

- a) Acciones sobre el suelo o subsuelo que impliquen movimientos de tierra, tales como dragados, defensa de ríos y rectificación de cauces, abancalamientos, desmontes, rellenos y otras análogas.
- b) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada de un día y actividades comerciales ambulantes.
- c) Actividades científicas, escolares y divulgativas.



d) Depósito de materiales, almacenamiento y parques de maquinaria y estacionamiento o exposición de vehículos al aire libre.

2. Actividades y usos constructivos:

a) Construcciones e instalaciones agrícolas en general tales como las destinadas al apoyo de las explotaciones hortícolas, almacenes agrícolas, talleres, garajes, parques de maquinaria agrícola, viveros e invernaderos, u otras análogas.

b) Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en los que se alojen, mantengan o críen animales, e instalaciones vícolas.

c) Construcciones e instalaciones forestales destinadas a la gestión forestal y las de apoyo a la explotación forestal, así como las de defensa forestal, talleres, garajes y parques de maquinaria forestal.

d) Instalaciones vinculadas funcionalmente a las carreteras y previstas en la ordenación sectorial de éstas, así como, en todo caso, las de suministro de carburante.

e) Construcciones y rehabilitaciones destinadas al turismo en el medio rural y que sean potenciadoras del medio donde se ubiquen.

f) Instalaciones necesarias para los servicios técnicos de telecomunicaciones, la infraestructura hidráulica y las redes de transporte, distribución y evacuación de energía eléctrica, gas, abastecimiento de agua y saneamiento, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren.

g) Construcciones e instalaciones para equipamientos y dotaciones que hayan de emplazarse necesariamente en el medio rural, como son: los cementerios, las escuelas agrarias, los centros de investigación y educación ambiental y los campamentos de turismo y pirotecnias.

Además, mediante la aprobación de un plan especial de dotaciones regulado por el artículo 71º de la presente ley, podrán permitirse equipamientos, públicos o privados.

h) Construcciones destinadas a usos residenciales vinculados a la explotación agrícola o ganadera.

i) Muros de contención, así como cierres o vallado de fincas.

j) Instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso de que se trate.

k) Construcciones destinadas a las actividades extractivas, incluidas las explotaciones mineras, las canteras y la extracción de áridos y tierras, así como sus establecimientos de beneficio y actividades complementarias de primera transformación, almacenamiento y envasado de productos del sector primario, siempre que guarden relación directa con la naturaleza, extensión y destino de la finca o explotación del recurso natural.

l) Construcciones e instalaciones destinadas a establecimientos de acuicultura.

m) Infraestructuras de abastecimiento, tratamiento, saneamiento y depuración de aguas, de gestión y tratamiento de residuos, e instalaciones de generación o infraestructuras de producción de energía.

3. Otras actividades análogas que se determinen reglamentariamente y coordinadas entre la legislación sectorial y la presente ley.

Se establece un retranqueo de 4 metros al eje



IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Visto o expediente que se tramita a instancia de **Benjamín Formoso González**, mediante escritos de datas 10/04/2015 e 11/08/2015 (Rexistros de entrada nº 3.655 e 8.243), nos que solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de planta soto e planta baixa, construída ao amparo da licenza nº 119/06, sita no lugar de Laxes, Carreira, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 30/10/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral de Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/11/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Benjamín Formoso González **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de de planta soto e planta baixa, sita no lugar de Laxes, Carreira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A9210088000011E, construída ao amparo da licenza de obra nº 119/06, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23.3.06, de acordo coas determinacións da **Contrato privado de adose entre colindantes**, da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 16.4.13 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, asinados polo Arquitecto Manuel peleteiro Bandín e polo Arquitecto Técnico francisco Vázquez Fraga así como **Acta de Recepción de Edificio Terminado** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Segundo.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Terceiro.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



Así mesmo, segundo liquidación complementaria de tributos efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 10/11/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE TRIBUTOS					
Taxa primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en Laxes según ordenanza fiscal en vigor		19,80 €	TOTAL Ingresar/Devolver0,00 €		
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA					
Cota complementaria	19,80 €	Cota Autoliquidada	19,80 €	Diferenza	0,00 €

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA MERCEDES TREUS BLANCO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE DONA MARÍA DEL PILAR TUÑEZ MOREIRA E DE ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS S.A., POR DANOS EN VEHÍCULO OCASIONADOS POLO DESPRENDEMENTO DE PRANCHAS DE FIBROCEMENTO DO TELLADO DO EDIFICIO DA UAD DE RIVEIRA. Expediente nº: 10/2015 RP.

Visto o expediente seguido neste Concello a instancia de **Dona Mercedes Treus Blanco**, en nome e representación de **Dona M^a del Pilar Tuñez Moreira** e de **Allianz, Compañía de Seguros e Reaseguros S.A.**, co obxecto de determinar a responsabilidade patrimonial desta entidade local, como consecuencia das lesións sufridas polo reclamante por mor do funcionamento dos servizos públicos locais e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Na data 10/06/2015 (Rex. Entrada nº 5.984), Dona Mercedes Treus Blanco, en nome e representación de Dona M^a del Pilar Tuñez Moreira e da entidade Allianz, Compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., presenta escrito polo que interpón reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos no vehículo Opel Astra con matrícula 3151-GFJ, como consecuencia do desprendemento de pranchas de fibrocemento do tellado do edificio da UAD o día 13/11/2014.

Segundo.- Por Decreto de Alcaldía de data 16/09/2015, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Riveira.



Terceiro.- Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 16/09/2015, foi practicada ao reclamante na data 23/10/2015.

Cuarto.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 28/10/2015 co número 11.117, Dona Mercedes Treus Blanco, en nome e representación de Dona M^a del Pilar Tuñez Moreira e de Allianz S.A., da conta de que a súa solicitude foi estimada na data 20/08/2015 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ante a que tamén formulou a correspondente reclamación de responsabilidade patrimonial ao non ter clara a titularidade do inmovible do que se desprenderon as pranchas que bateron contra o vehículo, polo que solicita o arquivo do expediente de responsabilidade patrimonial nº 10/2015 RP que se está a tramitar no Concello de Riveira.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.- Na tramitación do expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, de 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.

Terceiro.- O artigo 90 da Lei 30/1992 dispón que: *“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo Ordenamento Xurídico, renunciar aos seus dereitos. 2. Si o escrito de iniciación se tivera formulado por dous ou mais interesados, o desistimento ou a renuncia só afectará a aqueles que a tiveran formulado.”* E o artigo 91 do citado texto legal recolle que *“1. Tanto o desestimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia. 2. A Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento agás que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desestimento. 3. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fora conveniente substanciala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos do desestimento ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”*

Cuarto.- No caso que nos ocupa, o reclamante solicita o arquivo do expediente ao entender satisfeita a súa reclamación pola Administración autonómica, polo que *“desiste de continuar coa presente reclamación administrativa contra o Concello, interesando o seu arquivo”*.

Non consta que no expediente estean persoados terceiros interesados, e a cuestión suscitada non é de interese xeral.



Quinto.- O artigo 42 da Lei 30/1992, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 10/11/2015, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Ter por desistida da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a Dona Mercedes Treus Blanco, en nome e representación de Dona M^a del Pilar Tuñez Moreira e a entidade Allianz S.A., formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 10/06/2015, co número 5.984, e declarar concluído o devandito procedemento, a solicitude do interesado. Todo elo, de conformidade cos artigos 42.1, 90 e 91 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións pública e do procedemento administrativo común.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

PRÓRROGA DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN AO MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES.

Vista a proposta da Concelleira delegada de Cultura, Fabiola García Martínez, na que expón:

- A Xunta de Goberno Local deste concello, en sesión celebrada o 16 de abril de 2015 ven de aprobar o convenio de colaboración entre o Museo Etnográfico de Artes e o Concello de Riveira, co obxectivo de revalorizar dun xeito eficaz o patrimonio que ten en custodia e aproveitar dun xeito máis eficiente os recursos dispoñibles e contribuír á defensa e protección do patrimonio, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar ao Museo Etnográfico de Artes a cantidade de 12.000,00€ en concepto de subvención.
- Con data de 7 de xullo de 2015 procédese á sinatura deste convenio de colaboración entre o Museo Etnográfico de Artes e o Concello de Riveira cujos efectos van dende o 01 de novembro de 2014 ata o 31 de outubro de 2015.
- No devandito convenio, entre outros, a cláusula Terceira establece as normas que rexerán a xustificación e pagamento da subvención establecendo que:



“O prazo de xustificación da subvención finalizará o 16 de novembro de 2015, agás que se solicitar e concederá unha prórroga. A prórroga que se conceda será única, e non excederá en ningún caso do prazo de quince días naturais”.

- Xoves día 5 de novembro de 2015, recíbese no rexistro municipal deste concello solicitude presentada por Manuel Reiriz Dios, en calidade de Presidente do Museo Etnográfico de Artes, interesando dispor dunha prórroga necesaria que permita obter os documentos de gasto/pago correspondentes ao mes de outubro de 2015.

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1º.- **Conceder** unha prórroga de prazo de xustificación da subvención ao Museo Etnográfico de Artes.

2º.- Esta prórroga será única e non excederá do prazo de quince días naturais dende a data de finalización do prazo de xustificación da subvención.

3º.- Dar traslado desta prórroga ao Centro Recreativo de Artes e ao Sr Interventor acctal. do Concello de Riveira, para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as catorce horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.

Riveira, 12 de novembro de 2015

O Presidente da sesión

Dou fe, o secretario en funcións

Fabiola García Martínez

José Martínez de Llano Orosa